



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 228

Volume XLVI

maio-xuño 2022



Estudos

A sinodalidade. A arte de camiñar xuntas/os
por Carme Soto Varela 5

O «Camiño Sinodal» alemán: unha valente decisión
e complicada execución
por Jesús Martínez Gordo 20

Retos da sinodalidade
por Manuel Regal Ledo 40

Achegas

Como teñen que ser as parroquias ou comunidades
nunha Igrexa sinodal?
por Carme Solloso Blanco 60

Hai esperanza
por Elvira Santos Pena 67

Avivando o remol
por Rubén Aramburu Molet 70

In memóriam

Joaquín García de Dios, S.J.
por María García Maseda e Nacho García de Dios 82

Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 93



Recensións

Eu son Exeria. Lectura feminista dunha viaxe no século IV

por Carme Soto Varela 107

A unidade e a harmonía da realidade. Complexidade e ecoloxía

por Xaime M. González Ortega 110

Ilustracións

por Soedade Pite 13, 87





A sinodalidade é a forma de relación intraeclesial na que a Igrexa opta por camiñar e avanzar conxuntamente acentuando a orixinaria horizontalidade do bautismo que a todos nos fai discípulos de Cristo nunha básica e fundamental igualdade. Vai máis aló da estrita dinámica dos sínodos que, desde antigo, reúnen aos bispos das igrexas locais para afrontaren desafíos comúns. É unha aposta clara do papa Francisco na súa teima de reformar a Igrexa privilexiando dinámicas de descentralización e comunión fraterna.

Encrucillada quere abordar esta importante cuestión revisando os fundamentos, cun ollo posto en Alemaña e outro en Galicia.

Carme Soto reflexiona sobre os alicerces da sinodalidade. Acentuando o servizo, a comunión e a pertenza, a autora da pistas que sinalan o vieiro dunha sinodalización de toda Igrexa como signo auténtico dun movemento que apunta á mesma mensaxe de Xesús e á cerna máis auténtica da tradición.

Jesús Martínez Gordo preséntanos un estudo sobre o Camiño Sinodal Alemán (*der Synodale Weg*). Hai neste acontecemento eclesial algo realmente importante que acaso pode marcar un decisivo punto de inflexión na historia da Igrexa xermánica. É posible, mesmo, que o que alí suceda no seu desenlace final poida trasladarse, a modo de esixencia inescusable, á Igrexa universal. Sinalará o itinerario aproximado dun próximo Concilio Ecuménico? Veremos, pois os leigos, relixiosos e bispos alemáns están aínda en pleno proceso de escoita, estudo e discernimento.

Manuel Regal Ledo aborda a cuestión da sinodalidade sinalando cinco importantes retos válidos para toda a Igrexa que, non obstante, acaba concretando na realidade propia da Igrexa galega. O poliedro, a pirámide invertida, o hospital de campaña, a Igrexa en saída, os santos da porta do lado, son todas expresións do Papa Francisco que nos sinalan a dirección e o sentido da súa reforma. Iniciando procesos, abrindo camiños.

Unha achega feita por Carme Solloso ofrécenos a experiencia sinodal da parroquia de Mandiá. Ten aquí o lector ou lectora unha

xeitosa radiografía dun traballo eclesial en común moi digno de ser tido en conta.

No ronsel do número anterior, dedicado á Igrexa remol, publicamos agora o estudo de Rubén Aramburu, especialmente centrado nunha análise dunha Igrexa en cinsas que, porén, é aínda quen de reavivar o lume.

Nunha liña similar, Elvira Santos Pena ofrécenos unha achega desde a súa experiencia de leiga comprometida que está chea de realismo e esperanza.

Cheos de esperanza recordamos tamén, da man de María García Marseda e Nacho García de Dios, a fecunda vida de Joaquín García de Dios, xesuíta galego namorado dun Deus todo bondade que nos ama e nos perdoa sen condicións.

A Rolda de Igrexa de Manolo Regal, unha recensión asinada por Carme Soto do libro de Marisa Vidal sobre Exeria e a súa importantísima viaxe a Terra Santa, e outra de Xaime González Ortega sobre o libro de Victorino Pérez Prieto *A unidade e a Harmonía da realidade. Complexidade e ecoloxía*; ademais das ilustracións de Soedade Pite, completan un número que desexamos vos sexa de proveito.

Pedro Castelao

